

NORMAS DE CONVIVENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobadas polo Claustro Universitario, o 18 de abril de 2023)

PREÁMBULO

A Lei 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria, dispón no artigo 3.1 que, co fin de favorecer o entendemento, a convivencia pacífica e o pleno respecto dos valores democráticos, os dereitos fundamentais e as liberdades públicas no ámbito universitario, as universidades públicas e privadas aprobarán as súas propias normas de convivencia, que serán de obrigado cumprimento para todas as persoas integrantes da comunidade universitaria, tanto respecto das súas actuacións individuais como colectivas.

En cumprimento da vixente Lei, a Universidade de Vigo, como institución de dereito público ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, de acordo co artigo 1.1 dos seus Estatutos, elaborou estas Normas de convivencia, consideradas como marco esencial de referencia, conxuntamente cos principios éticos fundamentais expresados no Código ético da Universidade de Vigo, con valor normativo e vinculante para todas as persoas da comunidade universitaria.

O punto de partida, seguindo o contido no artigo 3.2 da Lei de convivencia universitaria, foi a promoción do respecto á igualdade, tolerancia e diversidade, inclusión e adopción de medidas de acción positiva para corrixir a desigualdade entre mulleres e homes e tamén para colectivos vulnerables, así como a liberdade de expresión, o dereito de reunión e asociación e a liberdade de ensinanza e de cátedra; así mesmo, promocionarase a eliminación de toda forma de violencia (verbal, física ou virtual), ou acoso sexual ou por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, características sexuais, orixe nacional, pertenza a un grupo étnico, discapacidade, idade, estado de saúde, clase social, relixión ou conviccións, lingua, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Na mesma liña, impulsarase a transparencia no desenvolvemento da actividade académica, e a utilización e conservación dos bens e recursos da universidade de acordo coa súa función de servizo público, así como o respecto dos espazos comúns, incluídos os de natureza dixital.

A normativa que presentamos, de acordo co previsto no artigo 3.4 da citada Lei, foi elaborada coa participación e audiencia de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus respectivos órganos de representación, en coordinación coa Unidade de Igualdade e a Unidade de Diversidade, e tendo en conta o Protocolo de acoso sexual e por razón de sexo, demais protocolos,

diagnoses, e plans previos existentes sobre a materia, coma o Plan estratéxico da UVigo 2021-2026.

A misión fundamental da Universidade de Vigo, proxectada na formación integral das persoas que conforman a institución, queda reflectida nestas Normas de convivencia, que expresan os valores e estándares de conduta que deben ser coñecidos e respectados por todas as persoas que integran a comunidade universitaria, para fortalecer colectivamente a responsabilidade, exemplaridade, transparencia e honestidade esixibles na aprendizaxe, na docencia, na investigación, na transferencia de coñecemento e na xestión pública encomendada.

TÍTULO PRELIMINAR . DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

As Normas de convivencia da Universidade de Vigo teñen por obxecto establecer as bases da convivencia no ámbito universitario, priorizando a utilización de medios alternativos de resolución de conflitos cando as circunstancias o esixan, exceptuando as situación de acoso sexual e por razón de sexo e de acoso laboral que serán tratadas, respectivamente, a través do Protocolo de Acoso Sexual e por Razón de Sexo e do Protocolo de actuación ante conflitos interpersoais e de acoso no traballo, sempre en relación coa alteración individual ou colectiva do normal desenvolvemento das funcións esenciais de aprendizaxe, docencia, investigación e transferencia do coñecemento.

Artigo 2. Natureza.

As Normas de convivencia da Universidade de Vigo serán de obrigado cumprimento para todas as persoas que conforman a comunidade universitaria, tanto respecto das súas actuacións individuais como colectivas. O seu propósito principal é favorecer a igualdade de trato e de oportunidades, o entendemento, a convivencia pacífica e o pleno respecto dos valores democráticos, os dereitos fundamentais e as liberdades públicas no ámbito universitario.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

Estas Normas de convivencia diríxense a toda a comunidade universitaria: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e o estudiantado de todos os campus, así como calquera outra persoa que participe nas actividades da nosa institución de forma ocasional ou consolidada. Ademais, orientarán as relacións da Universidade cos axentes sociais, entidades, institucións e empresas externas que lle prestan servizos, ou se relacionan, ou colaboran con ela.

TÍTULO I. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E RESPOSTA CONTRA A VIOLENCIA, A DISCRIMINACIÓN E O ACOSO

Artigo 4. Medidas preventivas.

1. Corresponde a todas as persoas e colectivos que integran a comunidade universitaria previr os conflitos e crear un ambiente de respecto, tolerancia e preservación da igualdade. Este deber estendese tamén a calquera persoa que participe nas actividades da institución.
2. As Normas de convivencia da Universidade de Vigo promoverán, de acordo co previsto no artigo 3.2. da Lei 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria:
 - a) O respecto á diversidade e a tolerancia, a igualdade, a inclusión e a adopción de medidas de acción positiva en favor dos colectivos vulnerables.
 - b) A liberdade de expresión, o dereito de reunión e asociación, de ensino e a liberdade de cátedra.
 - c) A eliminación de toda forma de violencia, discriminación, ou acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, características sexuais, orixe nacional, pertenza a grupo étnico, discapacidade, idade, estado de saúde, clase social, relixión ou conviccións, lingua, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - d) A transparencia no desenvolvemento da actividade académica.
 - e) A utilización e conservación dos bens e recursos da universidade de acordo con a súa función de servizo público.
 - f) O respecto dos espazos comúns, incluídos os de natureza dixital.
 - g) A utilización do nome e os símbolos universitarios de acordo cos protocolos establecidos.
3. Corresponde aos órganos académicos e servizos e unidades administrativas da Universidade de Vigo que teñen competencia en cada uno dos ámbitos descritos no apartado anterior, o establecemento de forma coordinada de:
 - a) Medidas de prevención primaria de conflitos, como a sensibilización, a concienciación e a formación, para fomentar o recoñecemento e o respecto á diversidade e a equidade no ámbito universitario.

- b) Medidas de prevención secundaria de conflitos, como actuacións sobre contextos, circunstancias e factores de risco a fin de evitar que se produzan situacións de violencia, discriminación, ou acoso.
- c) As disposición que desenvolvan as medidas de prevención primaria e secundaria, deberán axustarse aos principios recollidos no artigo 4.4 da devandita Lei, a saber:
 - 1) Enfoque de xénero: as determinacións das Normas de convivencia incluírán un enfoque de xénero fundamentado na comprensión dos estereotipos e as relacións de xénero, as súas raíces e as súas consecuencias na aplicación e a avaliación do impacto da lei. O devandito enfoque de xénero, ademais, incorporará unha perspectiva interseccional para asegurar os dereitos das persoas con discapacidade ou calquera outra desigualdade social.
 - 2) Respecto e protección ás persoas: procederase coa discreción necesaria para protexer a intimidade e a dignidade das persoas afectadas, coa asistencia debida e necesaria”.
 - 3) Confidencialidade: as persoas que interveñan no procedemento terán obrigación de gardar unha estrita confidencialidade e reserva e non deberán transmitir nin divulgar información sobre o contido das denuncias presentadas, resoltas ou en proceso de investigación das que teñan coñecemento.
 - 4) Dilixencia e celeridade: a investigación e a resolución sobre a conduta denunciada deberán ser realizadas coa debida profesionalidade, dilixencia e sen demoras indebidas, de forma que o procedemento poida ser completado no menor tempo posible respectando as garantías debidas.
 - 5) Imparcialidade e contradición: o procedemento deberá garantir unha audiencia imparcial e un tratamento xusto para todas as persoas afectadas; todas as persoas que interveñan no procedemento actuarán de boa fe na procura da verdade e o esclarecemento dos feitos denunciados.
 - 6) Prevención e prohibición de represalias: tanto durante o curso do procedemento como ao termo deste, adoptaranse as medidas necesarias para evitar calquera clase de represalias contra as persoas que efectúen unha denuncia, comparezan como testemuñas ou participen nunha investigación sobre violencia ou acoso sexual, acoso por razón de sexo e por calquera outra circunstancia, nos termos previstos na normativa aplicable.

Artigo 5. Acoso sexual e acoso por razón de sexo

O acoso sexual e o acoso por razón de sexo deberán ser interpretados conforme ao artigo 7 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ademais, será de aplicación o “Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razóns de sexo”, aprobado por Acordo de Consello de Goberno de 26 de novembro de 2014, ou protocolo aplicable en cada momento. Como medida de prevención primaria de conflitos, a Unidade de Igualdade ofrece un itinerario formativo virtual en xénero, destinado a introducir a perspectiva de xénero na formación da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Artigo 6. Discriminación por racismo, xenofobia e intolerancia no deporte, a cultura, a participación e o voluntariado

A discriminación por racismo, xenofobia e intolerancia no deporte no ámbito universitario deberá interpretarse de acordo co artigo 1 da lei 19/2007, de 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia, e en relación co artigo 8.j) da lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte.

Ademais, no caso de conductas de discriminación por racismo, xenofobia e intolerancia en actividades organizadas pola Universidade de Vigo relacionadas co deporte, a cultura, a participación e o voluntariado será de aplicación o protocolo aprobado polo Consello de Goberno aplicable en cada momento.

Artigo 7. Discriminación por razón de discapacidade no ámbito universitario

No caso de conductas de discriminación por razón de discapacidade no ámbito universitario, esta deberá interpretarse conforme ao disposto nos artigos 2, 7, 63 e seguintes do Texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro. No caso da Universidade de Vigo, tamén seralle de aplicación o protocolo aprobado polo Consello de Goberno aplicable en cada momento.

Artigo 8. Acoso moral no traballo

No caso de conductas de acoso moral no traballo seralle de aplicación a normativa vixente e o Protocolo de actuación ante conflitos interpersoais e de acoso no traballo, coa participación dunha persoa mediadora, obxectiva e independente con respecto ao conflito, nomeada de acordo co previsto no Protocolo, que poida contar coa formación e asesoramento que precise por parte da Universidade de Vigo.

Artigo 9. Protección ás vítimas.

1. A Universidade de Vigo velará porque as vítimas de calquera natureza teñan, en todo momento, información sobre os seus dereitos e un acompañamento psicolóxico e xurídico que favoreza a súa recuperación a través das Unidades de Igualdade e Atención á Diversidade, que estarán coordinadas coa Comisión de Convivencia e Bo Goberno e que informarán ás vítimas que o soliciten dos medios que a Universidade poñe a súa disposición para estes efectos.

2. Procederase coa confidencialidade necesaria para protexer a intimidade e a dignidade das persoas afectadas, que poderán ser asistidas por algún representante ou outro acompañante da súa elección, ao longo de todo o procedemento.

TÍTULO II. PRINCIPIOS FUNDAMENTALES PARA A CONVIVENCIA.

Artigo 10. Liberdade académica, liberdade de expresión e dereito de reunión e asociación.

A Universidade de Vigo protexerá a liberdade de ensino, estudo e investigación, co obxectivo de alcanzar o coñecemento, fomentando os espazos de debate científico para garantir a saúde democrática. Deste xeito, respectará a liberdade de expresión e académica de todas as persoas que conforman a comunidade universitaria, concretada nos diferentes sectores universitarios.

En relación co profesorado, velará pola liberdade de cátedra, que é o dereito de expresarse libremente na súa actividade docente, sempre de acordo coa normativa académica. Con respecto ao persoal investigador promoverá o dereito á libre produción científica, técnica, humanística e xurídico-social.

En canto ao estudantado, a Universidade de Vigo protexerá o dereito a decidir o proceso de aprendizaxe máis adecuado no marco da normativa académica.

En relación ao persoal de administración e servizos, respectará a liberdade de expresión, compatible co deber da responsabilidade e o respecto aos dereitos alleos, sen máis límites que os establecidos pola lexislación vixente e os estatutos da propia institución.

A Universidade de Vigo garantirá a todas as persoas integrantes da comunidade universitaria o dereito de reunión e asociación, manifestación e folga, constitucionalmente recoñecidos, coa promoción permanente dun clima de diálogo e consenso entre os órganos de goberno e a comunidade universitaria.

Artigo 11. Transparencia.

A Universidade de Vigo actuará conforme aos principios de transparencia e rendición de contas diante das persoas da comunidade universitaria, as administracións e a sociedade, entendendo a súa responsabilidade como un exercicio de bo goberno, comunicación proactiva e participación. Como sector público institucional, utilizará os recursos de maneira transparente e equilibrada conxuntamente con outras obrigacións, como a seguridade e a protección de datos persoais, ademais do respecto á propiedade industrial e intelectual. A Universidade de Vigo velará pola honestidade en todos os ámbitos de traballo, e as autoridades académicas deberán estimular e recoñecer esta práctica.

As persoas que integran a comunidade universitaria, especialmente as que desempeñan funcións de xestión, rexeitarán calquera agasallo, favor ou servizo que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, por razón da súa contía ou causa, ou que poida condicionar a neutralidade ou obxectividade do seu labor. Cando estes obsequios superen estes límites ou sexa representativo dunha relación institucional, deberanse incorporar ao patrimonio universitario, establecéndose en consecuencia un rexistro público ao efecto.

No caso dun potencial conflito de intereses persoal ou profesional na toma de decisións, que poida comprometer a imparcialidade ou obxectividade da actividade realizada, a persoa interesada debe absterse de participar, facendo pública a súa incompatibilidade, para evitar situacións de irregularidades ou sospeitas.

Na mesma dirección, as persoas que conforman a comunidade universitaria non farán uso da súa posición para beneficiar a alguén por razóns de parentesco, amizade, ou por ter un vínculo matrimonial o situación de feito asimilable, tanto na contratación de persoal como en calquera actividade académica ou relación comercial, debendo facer pública tal situación.

O persoal da Universidade de Vigo gardará segredo dos feitos ou informes coñecidos polo exercicio das súas competencias, sen que en ningún caso se poida empregar información obtida por razón do seu posto de traballo en aproveitamento propio ou dun terceiro, nin en prexuízo da universidade.

Artigo 12. Integridade.

A Universidade de Vigo promoverá a integridade como un elemento esencial, comprometéndose a desenvolver os mecanismos necesarios para garantir a honestidade e a honradez na xestión, na aprendizaxe, na transferencia de coñecemento, na investigación e docencia que involucre tanto animais como

humanos, con respecto absoluto da lexislación, e priorizando o interese público sobre o particular.

As persoas integrantes da comunidade universitaria identificarán en todas as actividades académicas, de investigación e de xestión, o recoñecemento do traballo realizado por cada persoa que participe, impedindo todo tipo de conduta que implique ou poida implicar falsidade documental ou atribución indebida de autoría, así como a utilización de ideas ou palabras alleas coma se fosen propias.

A Universidade de Vigo combaterá o plaxio e calquera reprodución e apropiación total ou parcial dun texto, obra ou experimento doutra persoa sen facer referencia á súa autoría, e promoverá actividades de formación para evitar actos ilícitos que vaian en contra da propiedade intelectual.

A comunidade universitaria da Universidade de Vigo evitará prácticas dirixidas á mellora artificial do curriculum vitae. En particular absteranse de incluír datos falsos no currículo, copiar ou facilitar que outros copien nos exames ou traballos académicos, ou permitir calquera conduta académica que busque obter inxustamente un beneficio propio ou dunha persoa da comunidade en relación cos demais.

Artigo 13. Respecto.

A Universidade de Vigo promoverá a convivencia universitaria baseada no respecto mutuo, a conduta pacífica, e o diálogo entre as persoas que conforman a comunidade universitaria, como forma propia de relación.

A Universidade de Vigo non aceptará nas súas instalacións actos de forza e violencia física ou verbal, incluídos os realizados a través de medios dixitais, que alteren ou impidan o desenvolvemento normal das actividades, afecten aos dereitos das persoas ou impidan o libre debate na universidade, velando polo respecto dos espazos comúns e os de natureza dixital; cada persoa representa a imaxe da Universidade de Vigo, e como tal, evitará todo acto que desprestixie a institución; do mesmo xeito, a Universidade de Vigo promoverá a utilización do nome e os símbolos universitarios de acordo cos protocolos establecidos.

Ademais, non admitirá as faltas de respecto cara ao profesorado, nin ao persoal de administración e servizos, estudantado, nin as autoridades académicas e administrativas da Universidade, xa que o menosprezo aos cargos atenta contra a súa persoa e á vez prexudica a imaxe e o funcionamento da propia institución, que depende das responsabilidades e as decisións dos seus órganos de goberno, representación e administración.

Artigo 14. Igualdade.

A Universidade de Vigo defenderá o impulso, protección e respecto do principio de igualdade e non discriminación, e en particular o de igualdade de xénero, que debe supoñer o compromiso decidido na aplicación de perspectivas de xénero, elemento fundamental na docencia, aprendizaxe, traballo persoal, na xestión universitaria, e no sistema de ciencia, innovación e investigación, para favorecer a igualdade entre mulleres e homes, consonte co previsto no vixente Plan de igualdade da Universidade de Vigo, eixe central da nosa institución, e promoverá a eliminación de toda forma de violencia machista contra as mulleres ou acoso sexual a través da Comisión contra o acoso sexual e por razón de sexo (CAS), órgano competente da Universidade de Vigo creado para previr, informar e decidir nestes casos. A CAS analizará as denuncias sobre posibles situacións de acoso sexual e por razón de sexo que se presenten ante ela, decidirá sobre a apertura do procedemento previsto no vixente Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo, e tramitará ás denuncias admitidas, coa emisión dun informe motivado sobre a situación denunciada. Ademais, solicitará á Reitoría as medidas de protección á vítima que se considere necesario adoptar durante a tramitación do procedemento previsto neste protocolo.

Todos os membros da comunidade universitaria respectarán á diversidade, ao colectivo de lesbianas, gais, bisexuais, persoas intersexuais e persoas trans, entre outras, e a Universidade de Vigo velará polos seus dereitos, coa creación da Unidade de Diversidade, prevista para sensibilizar, concienciar, formar, e fomentar o recoñecemento e respecto á diversidade, sendo de aplicación a este respecto, entre outros, o vixente Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo tomará as medidas necesarias para garantir o cumprimento do dereito á non discriminación, xa sexa por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, diversidade funcional, orixe, condición de racialización, crenzas relixiosas ou clase social, e promoverá a aceptación da pluralidade cultural e lingüística, en particular do galego.

A Universidade de Vigo non tolerará o sexismo, a misoxinia, as violencias machistas, a lesbofobia, a homofobia, a bifobia, a transfobia, o capacitismo, o idadeismo, o racismo, a discriminación relixiosa ou o clasismo baixo ningunha circunstancia, velando pola igualdade efectiva de todas as persoas que conforman a institución.

A Universidade de Vigo facilitará o acceso á universidade do estudantado con necesidades específicas ou especiais a través da Unidade de Atención ao

Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN), optimizando a súa posterior integración na vida universitaria para potenciar a participación en igualdade de condicións fronte ao resto da comunidade universitaria.

As persoas que conforman a comunidade universitaria apoiarán a integración das persoas con discapacidade, con actitudes solidarias e comportamentos non discriminatorios, que contribúan a conseguir unha igualdade de oportunidades real e efectiva.

A Universidade de Vigo axilizará o proceso de eliminación progresiva de barreiras arquitectónicas e comunicativas existentes en todos os campus e instalacións propias, e promoverá a formación en temas relacionados coa diversidade e coa integración social.

A Universidade de Vigo establecerá procedementos específicos que recollan as queixas e denuncias por situacións de violencia, discriminación, o acoso que poidan producirse contra o principio de igualdade e non discriminación, favorecendo medidas de acompañamento ás vítimas na súa recuperación.

Artigo 15. Responsabilidade e sostibilidade.

Todas as persoas que integran a comunidade universitaria manterán unha actitude individual e colectiva de colaboración e corresponsabilidade no funcionamento da Universidade, e no cumprimento das funcións que lle son propias, baseada no deber de recoñecemento recíproco das persoas e do seu labor, e o respecto das autoridades e os órganos colexiados, que corresponderán do mesmo xeito a todos os integrantes da comunidade universitaria. A autoridade das persoas que desempeñan actividades docentes e investigadoras será recoñecida e respectada no desenvolvemento de calquera actividade académica e con carácter xeral nos tres campus da Universidade de Vigo ou nos lugares que se usen como tal.

Do mesmo xeito, todas as persoas que conforman a Universidade de Vigo cumprirán coas súas obrigas, implicándose no desenvolvemento dos programas e políticas institucionais e respondendo de forma dilixente e transparente das súas accións e decisións, e das consecuencias derivadas das mesmas; así mesmo, evitarán todo tipo de abuso de poder no exercicio das súas funcións e serán responsables da legalidade das súas actuacións e dos organismos que representan se desempeñan cargos de xestión.

Na mesma dirección, as persoas que integran a Universidade de Vigo estarán comprometidas contra a ilegalidade, o fraude e a corrupción na institución, en particular coas medidas para previr e detectar calquera irregularidade recollida no Plan antifraude da Universidade de Vigo vixente en cada momento. Asemade,

velarán pola sostibilidade económica, social e ambiental das actividades que desenvolven, que deben rexerse e respectar o principio de non causar un dano significativo ao medio ambiente e as persoas, utilizando de xeito responsable o patrimonio da Universidade de Vigo, e buscando sempre o aforro enerxético e a eficiencia, para conseguir unha política efectiva no ámbito da sostibilidade, e na loita contra o cambio climático.

Artigo 16. Calidade e excelencia.

A Universidade de Vigo promoverá a excelencia e a innovación na realización de todas as súas actividades, apostando pola calidade como cultura institucional, de acordo cos máis esixentes estándares vixentes na formación, na investigación e na xestión. Para iso, e tal e como recomendan as institución europeas, a incorporación da perspectiva de xénero na investigación e transferencia garante unha maior calidade e excelencia do coñecemento científico.

A comunidade universitaria participará activamente no desenvolvemento das súas competencias profesionais, promovendo un marco de convivencia e respecto, e integrárase plenamente nos programas e proxectos formativos cumprindo cos compromisos derivados dos mesmos, sen alterar nin interferir co normal desenvolvemento das actividades académicas que correspondan. Así mesmo, promoverase a participación activa nos distintos procesos de calidade, contribuído á mellora continua.

O persoal de administración e servizos velará pola calidade e a mellora continua de todos os procesos e todas as actividades de xestión propias do seu posto. Para iso utilizarán instrumentos de avaliación de calidade contrastada, e favorecerán un clima de confianza e de colaboración laboral.

A Universidade de Vigo recoñecerá o mérito individual na actividade científica e académica, resultado do traballo intelectual, o esforzo persoal e a honradez profesional, e fomentará a excelencia como valor clave, especialmente nos procesos académicos de avaliación e selección.

As persoas que integran a comunidade universitaria, especialmente as que se dedican á investigación, realizarán un uso responsable da xeración de coñecemento e a tecnoloxía, promovendo o acceso aberto ao coñecemento e aos datos de investigación xerados, e procurando un diálogo permanente entre ciencia e sociedade, de modo que os procesos e resultados de investigación e innovación se recoñezan en valores e necesidades sociais.

TÍTULO III. MEDIOS POSITIVOS DE SOLUCIÓN DOS CONFLICTOS DE CONVIVENCIA.

Artigo 17. Unidade de Xestión Positiva de Conflictos e Convivencia.

A Unidade de Xestión Positiva de Conflictos e Convivencia, medio positivo de solución de conflitos de convivencia, ten as funcións de mediación directa e formación en xestión e resolución de conflitos para as persoas que integran a comunidade universitaria, con independencia da función mediadora da Valedoría Universitaria que recoñece o Regulamento do valedor ou valedora universitaria da Universidade de Vigo.

Artigo 18. Principios aplicables aos medios positivos de solución de conflitos de convivencia.

1. O mecanismo e o procedemento de mediación axustaranse aos principios de voluntariedade, confidencialidade, equidade, imparcialidade, boa fe e respecto mutuo, prevención e prohibición de represalias, flexibilidade, calidade e transparencia.
2. O principio de voluntariedade garantirá que as partes involucradas nun conflito de convivencia sexan quen, de maneira libre e informada, presten o seu consentimento para o inicio do mecanismo ou o procedemento de mediación e, no seu caso, decidan a súa terminación en calquera momento do seu desenvolvemento.
3. O principio de confidencialidade garantirá ás partes a reserva da información obxecto da mediación, salvo consentimento expreso das partes ou que resulte esixido por unha norma legal ou por resolución xudicial penal.
4. Conforme ao principio de equidade velarase polo mantemento do equilibrio entre as partes, dispoñendo todas elas das mesmas posibilidades de actuación no desenvolvemento da mediación.
5. O principio de imparcialidade garantirá que a persoa mediadora non estea incurso nunha causa de abstención ou non teña conflito de intereses en relación con algunha das partes ou co obxecto do conflito.
6. De acordo ao principio de boa fe e respecto mutuo as partes actuarán de maneira colaborativa entre elas e cara á persoa mediadora.
7. Conforme ao principio de prevención e prohibición de represalias adoptaranse as medidas necesarias para previr e evitar todo tipo de represalias respecto das persoas involucradas no conflito.

8. De acordo co principio de flexibilidade, o desenvolvemento da mediación deberá ter en conta as circunstancias do caso e das partes involucradas no conflito.
9. O principio de calidade traducirase na Universidade de Vigo na formación técnica especializada das persoas mediadores, elaborando protocolos de actuación que axuden ao seu cometido.
10. O principio de transparencia garantirá ás partes incursas nun proceso de mediación o acceso ás actuacións que se desenvolvan na mesma.

Artigo 19. Persoas mediadoras.

As persoas que actúen como mediadoras no marco do mecanismo de mediación previsto pola Comisión de Convivencia e Bo Goberno, deberán ter a formación adecuada, pertencer, preferentemente, á comunidade desta universidade e recibir o correspondente nomeamento por parte do/a reitor/a ou persoa na que delegue, sen prexuízo das funcións directas de mediación que se poidan realizar dende a Unidade de Xestión Positiva de Conflitos e Convivencia.

Artigo 20. Ámbito do procedemento de mediación no réxime disciplinario do estudantado.

1. Nos procedementos disciplinarios respecto do estudantado, conforme ao disposto na vixente Lei de convivencia, a persoa instrutora poderá propoñer ás partes interesadas nun conflito a remisión do expediente á Comisión de Convivencia e Bo Goberno para a iniciación dun procedemento de mediación.
2. A mediación terá un carácter autocompositivo e voluntario no que, a través do diálogo activo e respectuoso asistido por unha persoa mediadora, tentarase chegar a un acordo entre as persoas en conflito que poida substituír á resolución sancionadora do procedemento disciplinario respecto de un/unha ou máis estudantes.

TÍTULO IV. COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BO GOBERNO.

Artigo 21. Composición e nomeamentos.

1. A Comisión de Convivencia e Bo Goberno estará presidida polo/a reitor/a ou persoa na que delegue, e estará integrada polos seguintes membros, intentando garantir o principio de paridade, así como a representación equilibrada dos tres campus da Universidade de Vigo:
 - a) A persoa titular da Secretaría Xeral da Universidade de Vigo.

- b) A persoa responsable da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.
- c) A persoa responsable da Unidade de Xestión Positiva de Conflitos e Convivencia da Universidade de Vigo.
- d) Dous membros pertencentes ao persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.
- e) Dous membros pertencentes ao persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.
- f) Dous membros representantes do estudantado da Universidade de Vigo.

A Comisión de Convivencia e Bo Goberno, aprobada no Consello de Goberno, deberá decidir, dentro das súas funcións, se resulta procedente ou non acudir a un procedemento de mediación, suspendendo o procedemento disciplinario iniciado, sempre e cando as partes sometidas a un expediente disciplinario manifesten a súa vontade de acollerse ao mesmo, ou ben se devolve o expediente á persoa instrutora para que formule o correspondente prego de cargos.

Así mesmo, a Comisión de Convivencia e Bo Goberno resolverá calquera dúbida ou denuncia con respecto ao cumprimento do Código ético, tomando as decisións oportunas ao efecto, e impulsará medidas de prevención de actuacións contrarias aos principios do Código ético, formulando recomendacións e melloras na aplicación destes principios.

2. Na sesión constitutiva da Comisión de Convivencia e Bo Goberno os seus membros elixirán ao membro que levará a Secretaría da Comisión.

3. Serán casos de abstención para os membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno aqueles previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Cando concorran causas que dean lugar a abstención, poderá promoverse recusación polas persoas interesadas. A recusación exporase por escrito ante a Comisión Provisional de Convivencia, expresando a causa ou causas en que se funda. Se a Comisión apreciase causa de recusación dalgún dos seus membros, acordará a súa substitución definitiva por unha persoa suplente.

4. As persoas que formen parte desta Comisión, salvo as que o sexan en virtude do seu cargo, desempeñarán a súas funcións por un período de catro anos, podendo ser renovadas por períodos de igual duración, salvo os/as estudantes, que se renovarán cada dous anos sen prexuízo de poder cubrir as baixas que vaian xurdindo.

5. As persoas que formen parte da Comisión estarán obrigadas polo principio de confidencialidade, deber de sigilo e discreción, e, como integrantes dun órgano colexiado, teñen os dereitos e obrigas recoñecidas no artigo 7 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

6. As persoas integrantes da Comisión non poden delegar a súas funcións nin ser substituídas nas súas sesións.

7. Os acordos da Comisión adoptaranse por maioría simple de votos, debendo estar presentes, para a validez da votación, polo menos un membro de cada sector da comunidade universitaria, salvo en casos de urxencia excepcional motivada.

8. As persoas integrantes da Comisión, de estimalo necesario para a toma de decisións, poderán consultar coa titular da Valedoría Universitaria ou coa titular da Inspección de Servizos, así como con calquera outra persoa.

Artigo 22. Procedemento ante a Comisión de Convivencia e Bo Goberno.

1. Nun procedemento disciplinario, concluída a práctica das probas, naqueles casos en que as partes tiveran manifestado oportunamente a súa vontade de acollerse a un procedemento de mediación, a parte instrutora remitirá o expediente á Comisión de Convivencia que decidirá se resulta procedente, ou ben se devolve o expediente ao instructor ou instrutora para que formule o correspondente prego de cargos. No primeiro caso, comunicarao ás persoas interesadas na mediación e suspenderase o procedemento disciplinario. De chegar a un acordo no marco do procedemento de mediación, a parte instrutora arquivará o expediente; en caso contrario, continuará coa tramitación do procedemento disciplinario. No segundo caso, ou ben se as persoas implicadas non tiveran manifestado a súa vontade de acollerse a un procedemento de mediación, a parte instrutora formulará o prego de cargos.

2. Se o procedemento de mediación conclúise sen acordo ou non resolverse a totalidade das cuestións expostas, a Comisión devolverá o expediente á parte instrutora do procedemento disciplinario para que continúe coa súa tramitación polo seu obxecto total ou parcial.

3. O acordo total ou parcial alcanzado polas partes como resultado do procedemento de mediación, será confidencial, deberá constar por escrito e ser asinado polas partes, conservando cada unha un exemplar e trasladando outro á Comisión de Convivencia e Bo Goberno para que conste no expediente.

4. O inicio do procedemento de mediación suporá a suspensión do cómputo dos prazos de caducidade e prescrición do procedemento disciplinario. Dita suspensión manterase mentres se leve a cabo o procedemento de mediación, que

deberá resolverse nun prazo razoable, de modo especial no caso do estudantado, para non prexudicar o seu itinerario académico de aprendizaxe.

Artigo 23. Potestade disciplinaria.

1. O incumprimento destas normas será obxecto de corrección disciplinaria para o estudantado cando estea tipificado como infracción disciplinaria na Lei de convivencia universitaria, e no Regulamento de réxime disciplinario do estudantado da Universidade de Vigo, e para o persoal da Universidade cando estea tipificado como infracción disciplinaria no respectivo réxime disciplinario que corresponda, segundo a súa condición laboral ou funcionarial. Cando a persoa que non respecta as normas sexa allea a Universidade de Vigo e relacionada coa mesma, a institución poderá poñer fin ás devanditas relacións sen prexuízo doutras consecuencias previstas na normativa que resulte aplicable segundo a actividade a que se refira.

2. En todos os conflitos de convivencia darase prioridade aos medios baseados na mediación, de modo que se aplicarán preferentemente ao procedemento disciplinario, e tamén durante a súa tramitación, pero sempre respectando a vontade das partes incursoas nun conflito.

3. Se en calquera dos procedementos para a resolución de conflitos se observaran indicios suficientes de que se produciron condutas susceptibles de cualificación penal, suspenderanse estes para trasladar o seu tratamento ás autoridades competentes. A previa imposición de sancións en vía administrativa ou penal non impedirá, con todo, que se deduzan outras consecuencias pola infracción destas normas se as ditas consecuencias tiveran distinto fundamento ás sancións impostas.

Disposición adicional Primeira. Reforma.

A iniciativa para a modificación das presentes Normas de convivencia correspóndelle ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo, para a súa aprobación posterior no Claustro.

Disposición final Primeira. Desenvolvemento regulamentario.

Habilítase ao Consello de Goberno e ao/á reitor/a da Universidade de Vigo para desenvolver regulamentariamente o disposto nas presentes Normas de convivencia, segundo as propias competencias.

Disposición final Segunda. Entrada en vigor.

As presentes Normas de convivencia entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da Universidade de Vigo.